

PROTOCOLO DE COLABORACION ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA A PROGRAMACION DAS ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E MELLORA NOS CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL, EDUCACION PRIMARIA E EDUCACIÓN ESPECIAL DA PROVINCIA DE OURENSE.

Ourense, 14 de xuño de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, _____, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Doutra, _____, presidente da Deputación Provincial de Ourense.

EXPOÑEN

A garantía da efectividade do dereito á educación e a eficiencia na xestión dos **centros docentes de titularidade municipal** aconsellan e mesmo esixen formalizar un **instrumento de colaboración áxil e flexible para as actuacións de conservación e mellora** das súas instalacións que concilie tres premisas: o respecto ao marco competencial e á autonomía local, a coordinación técnica na programación dos investimentos entre as administracións implicadas e a optimización dos recursos públicos consonte os principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

1.- A cooperación interadministrativa en materia de educación.

O artigo 8.1 da *Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio (BOE do 4), de educación*, dispón que **as administracións educativas e as corporacións locais coordinarán as súas actuacións, cada unha no ámbito das súas competencias, para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación** e contribuír aos fins establecidos nela.

A disposición adicional décimo quinta da mesma norma prevé o establecemento de procedementos e instrumentos que favorezan e estimulen a **xestión conxunta coas administracións locais** e a colaboración entre os centros educativos e as administracións públicas.

A disposición adicional segunda da *Lei 5/2014, do 27 de maio (DOG do 30), de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local*, regula consonte as previsións da normativa básica estatal, a **cooperación económica, técnica e administrativa**, voluntaria pola súa propia natureza, **entre a Administración local e a Administración da Comunidade Autónoma**.

1. *A cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e a Administración da Comunidade Autónoma, tanto en servizos locais como en **asuntos de interese común**, desenvolverase con carácter voluntario, de acordo co artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, baixo as formas e nos termos previstos na leis, e poderá ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou os convenios administrativos que subscriban.*
(...)
2. *A subscrición de convenios e a constitución de consorcios deberá **mellorar a eficiencia da xestión pública, eliminar duplicidades administrativas e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira**, sen que para a súa formalización ou constitución deben solicitarse os informes preceptivos que se regulan nesta lei.*

O Decreto 126/2006, do 20 de xullo (DOG do 3 de agosto), polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, configura **os protocolos de colaboración** no seu artigo 2.3.d) como instrumentos que conteñen acordos de vontades de carácter programático ou declarativo e asimílaos para os efectos da súa inscrición aos convenios ou instrumentos de colaboración ou cooperación.

Esta chamada á **colaboración interadministrativa** en asuntos de interese común e interrelación competencial resulta especialmente indicada no caso do tratamento das **necesidades materiais dos inmobles destinados a centros de educación de titularidade municipal** nos que concorren as referidas competencias municipais de conservación e mantemento coas competencias da Comunidade Autónoma na súa condición de administración educativa titular das atribuídas polo artigo 31 do *Estatuto de Autonomía de Galicia*.

2.- A distribución competencial en materia de conservación e mellora dos centros docentes públicos de titularidade municipal.

A atribución aos concellos das **competencias de conservación e mantemento** dos inmobles que albergan centros docentes de educación infantil, primaria e especial de titularidade municipal establécese nas seguintes disposicións:

Disposición adicional décimo quinta da *Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio (BOE do 4)*, de educación:

*A **conservación, o mantemento e a vixilancia** dos edificios destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial, **corresponderán ao concello respectivo.***

Artigo 25.2 da *Lei 7/1985, do 2 de abril (BOE do 3)*, reguladora das bases do réxime local:

*O municipio exercerá en todo caso como **competencias propias**, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:*

(...)

*n) Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción dos novos centros docentes. **A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.***

A posterior aprobación da *Lei 27/2013, do 27 de decembro (BOE do 30), de racionalización e sustentabilidade da administración local*, non altera o vixente statu quo competencial, polo que a conservación e o mantemento dos centros de educación infantil, de educación primaria e de educación especial continúan sendo competencias propias dos concellos. A disposición adicional décimo quinta desta lei prevé a asunción polas comunidades autónomas das competencias relativas á educación, pero **require previamente o correspondente traspaso de medios económicos, materiais e persoais.**

Neste mesmo sentido regula a cuestión no apartado 1 da disposición adicional cuarta da *Lei 5/2014, do 27 de maio (DOG do 30), de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local*:

As competencias que debe asumir a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, saúde e servizos sociais en cumprimento das disposicións da Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela.

De todo o anterior resulta de modo concluínte a **responsabilidade municipal en materia de conservación e mantemento dos centros educativos da súa titularidade e a vixencia da normativa que atribúe aos concellos as competencias para as actuacións que se realicen con esa finalidade.**

O Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro (BOE do 16), polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, regula no seu artigo 122 a **clasificación das obras** e aclara os conceptos legais de reforma, reparación, conservación e mantemento:

3. O concepto xeral de **reforma** abarca o conxunto de obras de ampliación, mellora, modernización, adaptación, adecuación ou reforzo dun ben inmovible xa existente.
4. Considéranse como obras de **reparación** as necesarias para emendar un menoscabo producido un ben inmovible por causas fortuitas ou accidentais. Cando afecten fundamentalmente á estrutura resistente terán a calificación de gran reparación e, en caso contrario, de reparación simple.
5. Se o menoscabo se produce no tempo polo natural uso do ben, as obras necesarias para a súa emenda terán o carácter de **conservación**. As obras de **mantemento** terán o mesmo carácter que as de conservación.

Debe salientarse, como antecedente de interese nesta cuestión que asume a fundamentación anterior, que o Acordo marco asinado o 09.01.2008 entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a FEGAMP para o desenvolvemento do pacto local inclúe a cláusula terceira coa seguinte redacción:

*No que atinxe ás **obras de reparación, conservación e mantemento estas son responsabilidade de cada concello** que as debe realizar nos centros de ensino que del dependa. Entre elas se conta as que de seguido se enumera só a modo de exemplo:*

***Interior:** pintura, reparación de carpintería, reposición de portas e outros elementos de carpintería, manillas de portas, cristais rotos, reposicións de bombillas, fallos de electricidade, roturas de tubarías tanto sanitarias como de calefacción ou fecais, fallos no funcionamento da caldeira, limpeza de fosas sépticas, etc.*

***Exterior:** goteiras no tellado, limpeza e reposicións de canlóns e baixantes; pintura, reposición de cristais, limpeza e axardinamento de zonas exteriores e de patios de xogos, conservación e reposición de xogos para alumnos de infantil, desatascamento de conducións de augas, conservación dos peches perimetrais e das portas de acceso de modo que se impida o libre acceso dende ou para o exterior, etc.*

3.- Obxectivos do protocolo.

En síntese, a sinatura deste instrumento de colaboración pretende os seguintes obxectivos:

Coordinar as actuacións municipais de reparación, conservación e mantemento coas obras de reforma, ampliación e mellora programadas pola administración autonómica en función da priorización de necesidades dos centros.

Garantir a cobertura orzamentaria das actuacións de competencia municipal mediante a partida incluída no PLAN PROVINCIAL EDUCOU 2017, nos termos e coas condicións establecidas nas súas bases reguladoras, se o importe solicitado supera o crédito orzamentario.

Optimizar os recursos da administración autonómica de forma que a correcta execución das competencias municipais para a axeitada conservación dos inmobles evite investimentos derivados da falta de mantemento e permita incrementar as partidas dos orzamentos autonómicos para as obras de reforma, ampliación e mellora dos centros.

Impulsar as actuacións de mellora nas **instalacións deportivas dos centros educativos** cunha dobre finalidade: acadar o nivel requirido para satisfacer as necesidades do alumnado dos centros e abrir as instalacións á práctica deportiva da poboación mediante a súa utilización fóra do horario lectivo nos termos da cláusula sexta deste protocolo.

Así os concellos incorpóranse de forma voluntaria a este marco de cooperación interadministrativa, exercen as súas competencias na tramitación dos correspondentes expedientes, axustan as súas actuacións á programación de necesidades fixada pola administración educativa e garanten a cobertura orzamentaria mediante os fondos achegados pola administración provincial.

En virtude do exposto, ambas partes subscriben este protocolo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. **Obxecto.**

O obxecto deste protocolo é establecer a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia de Ourense na **programación das obras de reparación, conservación, mantemento, reforma, ampliación e mellora dos centros públicos** de educación infantil, educación primaria e educación especial da provincia de Ourense.

Segunda. **Obras de competencia autonómica.**

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Xefatura Territorial de Ourense e no exercicio das competencias autonómicas en materia de educación, realizará as obras de **reforma, ampliación e mellora** dos centros docentes públicos que se relacionan no anexo I. Estas actuacións serán financiadas con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Terceira. **Obras de competencia municipal acollidas no Plan EDUCOU 2017.**

A Consellería remitirá á Deputación Provincial as memorias valoradas ou os proxectos técnicos, se fora o caso, debidamente supervisados e coas autorizacións preceptivas dos correspondentes concellos e asumirá a dirección técnica e a coordinación de Seguridade e Saúde de todos os proxectos.

Os concellos colaborarán na axilización da tramitación das referidas autorizacións ou licenzas preceptivas que non devengarán o pago de taxas nin do imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras, por tratarse de obras de competencia municipal.

Cuarta. **Execución das obras de competencia municipal.**

Corresponde á Deputación Provincial a tramitación do expediente administrativo de contratación das obras sinaladas no anexo II pola Central de contratación da Deputación Provincial con suxeición ao real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Quinta. **Instalacións deportivas.**

As instalacións deportivas dos centros docentes que sexan obxecto das actuacións previstas neste protocolo poderán ser abertas ao **uso xeral** da poboación fóra do horario lectivo **para fins educativos, deportivos e culturais** sempre que non se interfira na programación das actividades dos centros e que se garanta a súa correcta utilización. A Consellería estudiará as fórmulas de colaboración coas respectivas entidades locais que permitan a efectividade desta cláusula sempre **nos termos e condicións previstos no Convenio marco de colaboración entre a FEGAMP e a Consellería sobre o uso, por concellos galegos, de instalacións deportivas de titularidade da Consellería subscrito o 16.10.2014.**

Sexta. **Comisión mixta de seguimento.**

Créase unha comisión mixta de carácter paritario entre as dúas institucións asinantes para a coordinación, seguimento e avaliación das actuacións previstas e para a resolución das cuestións formuladas polas administracións implicadas na súa execución. A comisión estará integrada por tres persoas en representación da Consellería e outras tres en representación da Deputación. A presidencia corresponderá a unha das persoas representantes da Consellería.

Sétima. **Vixencia e modificación.**

As actuacións incluídas neste protocolo deberán estar finalizadas o **31 de decembro de 2017**. A comisión de seguimento poderá autorizar a modificación desta data para aquelas actuacións que non poidan finalizar por causas excepcionais debidamente acreditadas pola administración competente. Tamén poderán engadirse antes do 31 de decembro de 2017 novas actuacións ás

programadas nos anexos, a proposta das administracións implicadas e logo da súa aprobación no seo da comisión de seguimento.

En proba de conformidade asinan este protocolo por duplicado exemplar.

Pola Consellería de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

Pola Deputación Provincial de Ourense